



## Acerca do envellecer

---

Ramón Cao Martínez<sup>1</sup>  
→

Comezarei recoñecéndoo sen andrómegas: escribir sobre a vellez, cando un xa anda anos arriba, resulta un tanto incómodo e inquietante. Tal é o peso da ameazadora imaxe coa que aínda hoxe seguimos asociando esta última idade. Simone de Beauvoir expresouno con crúa franqueza hai xa medio século: «A inmensa maioría dos homes acollen a vellez con tristeza ou rebeldía. Inspira máis repugnancia ca a mesma morte. En efecto, máis que a morte é a vellez o que hai que opoñer á vida. É a súa parodia»<sup>2</sup>. Non digamos nada do demoledor ditame de Jean Améry: «O envellecemento, no que emerxen e fanse evidentes o non e o –in da existencia, é unha rexión de vida abatida, privada de calquera consolo razoable; non deberíamos facernos ilusións»<sup>3</sup>. E, onte mesmo, ata un entusiasta defensor do papel que os maiores han de xogar no noso mundo, lembrounos «a calada aversión que aínda nos inspira a vellez»<sup>4</sup>.

---

1 RAMÓN CAO MARTÍNEZ (Baracaldo, 1944) foi profesor de Lingua Castelá e Literatura. Está casado e ten dous fillos e tres netos. Dedicou os últimos anos ao estudo da obra de Thomas Merton, sobre cuxos diarios publicou *Ocultarse en una hoguera* (Eurisaces, Ourense, 2015). É membro do consello de redacción de *Encrucillada*. Correo e.: caoramon@gmail.com

2 BEAUVOIR, SIMONE (1970), *La vejez* (trad. de Aurora Bernárdez), Edhasa, Barcelona 1989 (2.ª), 637.

3 AMÉRY, JEAN, *Revolta y resignación: Acerca del envejecer*, Pre-Textos, Valencia 2001, 143. O autor fixo esta implacable vivisección do envellecemento aos seus 55 anos Nove anos despois, nun novo prólogo, insistiu no devandito: «En realidade todo era un pouco peor do que eu previra» (13).

4 OLALLA, PEDRO, *De senectute política. Carta sin respuesta a Cicerón*, Cantil, Barcelona 2018, p. 81.